

XULLO  
2023



## A CATEQUESE: UN CAMIÑO Á VIDA E Á FE

Nestes días pasados vimos de rematar o curso de catequese que comezábamos alá polos primeiros de outubro. Foi camiño compartido entre os nenos e nenas de primaria, os mozos e mozas da secundaria, os párrocos e as catequistas, e a pesares dos fallos que puidemos ter uns ou outros dicimos que "valeu a pena".

Hoxe queremos valorar positivamente os esforzos dos máis pequenos, non só polo que foron capaces de aprender, senón sobre todo, polas actitudes coas que quixeron aprender. Tamén temos que dicir que ás veces botamos de menos un maior apoio familiar. Cando foi a última vez que mirastes nenos cos pais un domingo na igrexa?.

Hoxe queremos valorar tamén axeitadamente os esforzos dos mozos que se atreven a traballar xuntos medrando na fe. Foron catequese interesantes con todos, a pesares de que ás veces ... bueno, ímolo deixar entre nós. "Valeu a pena". É un grupiño vai confirmar a súa fe o vindeiro día venres 14 de xullo na igrexa de Fornelos ás sete da tarde.

Hoxe queremos tamén nesta folla parroquial agradecer a todas as catequistas que ao longo do curso destes unha man, a pesares das vosas ocupacións e tarefas. Sabemos que a comunidade dos Cotos tenvos moito que agradecer".



"Un contiño para vivir""O corazón dos nenos"

Miúdo balbordo armouse no Ceo cando apareceu Tatiana. Ninguén o esperaba, porque aínda era moi nova e ademais era a mamá de dous nenos pequenos, así que San Pedro mirouna moi severamente, dicindo: - Pero que fas aquí? Seguro que aínda non é... Con todo, ao comprobar o seu libro, San Pedro non o podía crer. Era verdade, fixera todas aquelas cousas que permitían a entrada ao Ceo, incluíndo dar todo o que necesitaban os seus fillos, e en tan pouco tempo!. Ao ver a súa estrañeza, Tatiana dixo: - Sempre fun moi rápida en todo. Desde que Adrián e Andrea eran bebés deilles canto tiña, e gardeino nun tesouro ao que só puidesen acceder eles. Todos sabían a que se refería Tatiana. As mamás van enchendo de amor e virtudes o corazón dos seus fillos, e só poden ir ao Ceo cando está completamente cheo.

Aquilo era un notición, porque non era nada normal coñecer nenos que tivesen o corazón cheo tan pronto, e todos quixeron velo. Ver os corazóns dos nenos é o espectáculo favorito dos anxos. Pola noite, cando os nenos dormen, os seus corazóns brillan intensamente cun brillo que só os anxos poden ver, e sentan ao redor rumoreando belas cancións. Esa noite esperaron na habitación de Adrián e Andrea miles de anxos. Sen dúbida Tatiana deixara o seu corazón tan rebotante de amor e virtudes, que poderían compartilo con outros mil nenos, e os anxos agradeceron o espectáculo cos seus mellores cánticos.

1	2	4	5	6	4	9	1	2	7
5	9	3	2	4	8	2	4	7	6
5	6	2	7	3	1	0	9	5	7
0	2	5	8	4	3	6	7	1	0
9	1	2	8	5	3	7	0	9	4
0	6	8	0	4	2	3	7	6	9
8	1	4	7	2	5	6	8	9	4
0	3	2	0	4	4	2	9	3	9

Atopa estas series de números:  
9128 - 4429 - 7880 - 7362 - 0423

**SANTO PARA O MES,  
en xullo, o día 14: CAMILO**

Nome derivado da forma latina "camillus"  
referido "ao rapaz que serve nos sacrificios",  
"ministro".

Este nome foi usado co sentido relixioso de "sacerdote" por algunhas familias romanas.

San Camilo de Lelis (1550-1614) foi oficial do exército italiano, pero a súa adición ao xogo levouno á ruína. Despois de ser ferido e enfermo tivo que abandonar o exército. Aos 25 anos cambiou de vida, e xa eclesiástico fundou en Roma a congregación dos Serventes dos Enfermos, que é a orde dos camilos. É o patrón dos moribundos, dos enfermos, das persoas con discapacidade, e das que se adican aos seus coidados.

**CONSELLO**



"A maior enfermidade de hoxe en día  
non é a lepra nin a tuberculoses  
senón mais ben o sentirse non querido,  
non coidado e abandonado por todos"  
Tareixa de Calcuta

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## 16 de Xullo A Virxe do Carme



A Virxe do Carme é a denominación común que recibe a Santa María do Monte Carmelo, que é unha cordilleira en Israel sobre o mar Mediterráneo. Na antigüidade estaba cuberto por viñedos. Por iso se di que o seu nome significa "Viñedos de Deus". Palabras hebreas KAREM e EL. Gran parte da cidade de Haifa está situada sobre o monte. As covas que existen no monte Carmelo foron declaradas Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 2012..

Dise que o neno Xesús visitaba o monte Carmelo con frecuencia para orar e pasear xunto con seus pais e seus avós.

Durante o século XII un grupo de homes fundaron no monte Carmelo a Orde dos Carmelitas.

A festa do Carme é a celebración mariñeira de Galiza por excelencia xa que a Virxe do Carme é a patroa dos mariñeiros. Toda a costa galega adorna os seus barcos con bandeiras e flores e acompañan o barco que porta a imaxe da Virxe en procesión. É un espectáculo. A Virxe do Carme tamén é chamada Estrela do Mar.



### Testemuñas da caridade. "Ninguén ten amor máis grande que quen dá a vida polos seus amigos" (Xoán 15,13)



Gaetano Nicosia, o "anxo dos leprosos" en China. Cando o obispo de Macau pediu aos salesianos axuda para atender aos leprosos de Coloan e, o Pai Nicosia amosou a súa disponibilidad para vivir con eles. Durante 48 anos, compartiu a súa vida cos leprosos, transformando aquel lugar. Morreu no 2017 con 102 anos.



Sudha Varghese, liberadora dos "intocables" na India, é coñecida como "Nari Gunjan" ou "A voz das mulleres", relixiosa de Irmás de Notre Dame. A súa obra liberou o abuso sexual e outras vexacións, no estado de Bihar.

### LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XULLO

DÍA 2	LECTURA	2 Re 4, 8-16	Eliseo, o profeta, atopa acollida
	EVANXEO	Mt 10, 37-42	Quen dea a vida por min, salvaraa
DÍA 9	LECTURA	Zac 9, 9-10	El anunciará a pan ás nacións
	EVANXEO	Mt 11, 25-30	Achegádevos a min os cansos e oprimidos
DÍA 16	LECTURA	Is 55, 10-11	A Palabra é semente de vida na terra
	EVANXEO	Mt 13, 1-9	A semente dá froito
DÍA 23	LECTURA	Rom 8, 26-27	O que importa é a intención do corazón
	EVANXEO	Mt 13, 24-30	Deixádeos medrar xuntos deica a sega
DÍA 30	LECTURA	Rom 8, 28-30	Chamados a asemellarse a Cristo
	EVANXEO	Mt 13, 44-46	O Reino é un tesouro de vida